

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

DECRETO NÚMERO \$

Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERAL (LOTE 1) E PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROILAN 2015 (LOTE 2). EXP. REF 31-2015. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

ANTECEDENTES

- I. Informe emitido pola sección de cultura con data 15 de xullo de 2015, sobre as prescripcións técnicas para a contratación do aluguer de stands no recinto feiral de San Froilán 2015.
- II. Informe emitido pola sección de cultura con data 16 de xullo de 2015 sobre as prescripcións técnicas para a contratación do aluguer de stands para "Gastroarte San Froilán 2015".
- III. Informe da sección de cultura do día 17 de xullo de 2015 sobre o prezo total estimado dos stands necesarios no recinto feiral.
- IV. Certificados de existencia de consignación orzamentaria na aplicación 3380122699 do vixente Orzamento Xeral de 2015 emitidos pola Tesourería con data 20 de xullo de 2015.
- V. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación mediante lotes do aluguer de stands para o recinto feiral (Lote 1) e para a II Feira de artesanía e gastronomía de San Froilán 2015 (Lote 2) elaborado polo servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento.

LEXISLACIÓN APPLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de subministración, que segundo o artigo 9 do TRLCSP serían aqueles “que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens inmobles”. O obxecto do presente contrato é o aluguer, montaxe e desmontaxe de 55 stands que alberguen as mesas de venda durante o San Froilán 2015 nas rúas Avda. Rodriguez Mourelo e a Praza Maior (LOTE 1) e por outro o aluguer, montaxe e desmontaxe de 50 stands para a II feira de artesanía e gastronomía na avda. Ramón Ferreiro e que se celebrará durante as festas de San Froilán 2015 (Lote 2) todo elo segundo as bases técnicas elaboradas pola xefa de sección de Cultura.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicacion e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP xa que únicamente se valora o prezo.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspónnelle as contratacóns e concesións, incluídas as de carácter plurianual. Non obstante, este órgano adoptou o acordo número 10/580 en sesión celebrada o día 19 de agosto de 2015, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2015.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta as atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

Réxime Local e o acordo deste órgano número 10/580 en sesión celebrada o día 19 de agosto de 2015, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERAL (LOTE 1) E PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROLÍAN 2015 (LOTE 2). EXP. REF 31-2015.

Segundo. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, do seguinte teor literal:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERAL (LOTE 1) E PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROLÍAN 2015. EXP. REF 31-2015

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a contratación, mediante lotes, por un lado, do aluguer, montaxe e desmontaxe de 55 stands que alberguen as mesas de venda durante o San Froilán 2015 nas rúas Avda. Rodriguez Mourelo e a Praza Maior (LOOTE 1) e por outro o aluguer, montaxe e desmontaxe de 50 stands para a II feira de artesanía e gastronomía na avda. Ramón Ferreiro e que se celebrará durante as festas de San Froilán 2015 todo elo segundo as bases técnicas elaboradas pola xefa de sección de Cultura

Os licitadores poderán presentarse a cada un dos lotes por separado ou á totalidade dos dous lotes.

CPV 2008 .- 39154100-7 Stands de exposición

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de subministración , recollido e regulado no artigo 9 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público e que ten por obxecto a contratación, mediante lotes ,por un lado do aluguer e montaxe e desmontaxe de 55 stands que alberguen as mesas de venda durante o San Froilán 2015 nas rúas Avda. Rodriguez Mourelo e a Praza Maior (LOOTE 1) e por outro o aluguer, montaxe e desmontaxe de 50 stands para a II feira de artesanía e gastronomía na avda. Ramón Ferreiro e que se celebrará durante as festas de San Froilán 2015 todo elo segundo as bases técnicas elaboradas pola xefa de sección de Cultura

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescripcións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

LOTE 1.- Aluguer de stands para o recinto feiral de San Froilán 2015

A duracion da instalación será do 3 ao 13 de outubro de 2105 ámbolos dous incluído. Poderá iniciarse a montaxe a partires do 23 de setembro segundo indicacións da sección municipal de cultura do Concello. A desmontaxe dos stands deberá realizarse entre os días 13 a 17 de outubro de 2015.

O contrato poderá prorrogarse por acordo previo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación mínima de dous meses ás Festas de San Froilan do 2016 e nas datas concretas que se indiquen polo responsable do contrato.

LOTE 2.- Aluguer de stands para a II Feira de artesanía e gastronomía San Froilan 2015

A duracion da instalación será do 3 ao 12 de outubro de 2105 ámbolos dous incluído. Poderá iniciarse a montaxe a partires da formalización do contrato previa

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

consulta do Servizo de Cultura debendo estar completamente instaladas antes do 1 de outubro. A desmontaxe dos stands deberá realizarse entre os días 13 a 16 de outubro de 2015.

Os contratos poderán prorrogarse por acordo previo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación mínima de dous meses ás Festas de San Froilan do 2016 e nas datas concretas que se indiquen polo responsable do contrato.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

1.- O prezo contrato ascende a:

LOTE 1 ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL SAN FROILAN 2015

27.892,56 euros mais o 21%IVE (5.857,44 euros), do que resulta un total de 33.750 euros, IVE incluído co seguinte desglose:

Praza Maior (13 stands) : 9.465 euros

Avda. Rodriguez Mourelo (42 stands) : 24.285 euros

LOTE 2 ALUGUER DE STANDS PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA SAN FROILAN 2015

19.504,13 euros mais o 21%IVE (4.095,87 euros), do que resulta un total de 23.600 euros, IVE incluído.

Non obstante o prezo do contrato para o ano 2015 será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

O valor estimado do contrato ascende a 94.793,38 euros

2.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 33801.22699 (RC 65356; CP 153380101) para o LOTE 1 e RC 65354; CP 153380101) para o LOTE 2

3.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encuentran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servicios, taxas e toda clase de tributos,e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e conforme o establecido na cláusula seguinte destes pregos de clausulas administrativas.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que componen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscrivan, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituirse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas componentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica **deberá** ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de suministracións de características similares a este contrato (suministro e instalacións de stands) por un importe mínimo de 50.000 euros IVE incluido en global nos derradeiros 3 anos en caso de concorrer a ámbolos dous lotes, de xeito que para concorrer a un só lote será abondo a metade do importe mínimo establecido.

A tal efecto presentarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos suministros realizados, descripción de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización. Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta económicamente más ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumplirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debida pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de

garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal/perfildocontratante).

O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B OFERTA ECONÓMICA

Para facilitar o rexistro das plicas presentadas polas empresas licitadores, nos ditos sobres A e B identificárase de modo claro a REFERENCIA DO EXPEDIENTE (Exp. Ref 31-2015)

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

O sobre denominado A, **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

- a) Se se trata de empresario individual (persoas físicas), copia auténtica do DNI
- b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á legislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Registro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado**:

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Registro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instruccións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incuso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obligas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimismo que o licitador está dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste (conforme o modelo do ANEXO II)

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adjudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaracion responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgúnha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaracion responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaracion de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistru Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistru Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obligada inscripción nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaracion responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscripción e incluir a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaracion responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación**. A dita declaracion reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois
delegacion a Cultura
Asunto:

5.- Acreditación da solvencia económica e financeira así como solvencia técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscripción no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financiera así como a solvencia técnica e profesional.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepctúase deste requisito os casos de cotrnatos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españoles de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODALAS CONDIÓNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO III DESTES PREGOS

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automáticamente o rexeitamento da proposición.

O sobre B, **OFERTA ECONÓMICA**, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don/a, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL (LOTE 1) E PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROILAN 2015**

b) Propón como prezo do contrato:

Para o LOTE 1 : ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL SAN FROILAN 2015

- Prezo sen IVE: euros.
- 21% IVE: euros.
- PREZO TOTAL CON IVE: euros.

Para o LOTE 2 ALUGUER DE STANDS PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA SAN FROILAN 2015

- Prezo sen IVE: euros.
- 21% IVE: euros.
- PREZO TOTAL CON IVE: euros.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicíons técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

- d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

Dentro deste SOBRE B a empresa deberá presentar o correspondente DESGLOSES cos prezos unitarios IVE incluido para cada tipo de stand do Lote 1.

A ausencia deste desglose implicará a exclusión do procedemento.

A suma dos prezos unitarios de cada stand polo número esixido para cada rúa en cada Lote non poderá superar o prezo total ofertado para cada Lote. En caso de contradicción procederase á exclusión do licitador.

O licitador xuntará no **sobre B** unha proposta técnica que incluirá como mínimo, unha memoria técnica descriptiva dos stands e xustificativa das súas características. **A ausencia desta proposta implicará a exclusión do procedemento.**

A dita proposta técnica será remitida a informe municipal para comprobación do cumprimento das condicións técnicas deste contrato.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNNS.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello ou funcionario/a do servizo que o substitúa.

VOCAIS:

- A Xefa da sección de cultura do Concello ou persoal do servizo que a substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno ou funcionario/a que o substitúa.
- A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou funcionario/a que a substitúa.
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: Técnico/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser

necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesions que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

O criterio de adxudicación PARA CADA LOTE será exclusivamente o prezo ofertado á baixa ata un total de 10 puntos.

O licitador que oferte o prezo más baixo obterá 10 puntos, os que oferten o prezo de licitación (33.750 euros para o LOTE 1 e 23.600 euros para o LOTE 2) obterán 0 puntos e o resto de forma proporcional

Non se establecen para este contrato parámetros para apreciar a existencia de baixas temerarias

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta económicalemente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requerirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de déz días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requerimento, presente os correspondentes certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o organo de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopcion da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa dentro do sobre A, achegue a documentacion acreditativa do cumplimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato. (solo en caso de que se presente declaracion sustitutiva)

De non cumplimentarse axeitadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricta suxección ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescripcións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instruccións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Xefa de Sección de cultura), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instruccións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obligacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (200 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumplir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.
- O contratista está obrigado, igualmente, a cumplir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e á requerimento do Concello, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois
delegacion a Cultura
Asunto:

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación cando sexa solicitada con carácter previo, non poderá realizarse a contratación. E o non mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato a empresa adxudicataria contará cun **seguro de responsabilidade civil** para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo así como danos materiais e persoas ocasionados a terceiros e danos ós bens custodiados.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformadas pola responsable do contrato, a Concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e maila

Concelleira delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 299, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescripcións técnicas así como polo incumprimento das condicións da súa oferta.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cants documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxúizos causados no que excede do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de noviembre, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.^º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.^º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE**

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

**LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL (LOTE 1) E
PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROLAN 2015
declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Registro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data , mantendose o resto dos datos sen alteración algúnhha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En , a de de 2013

Asdo:

**ANEXO II
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^aco D.N.I. n.^º: , en nome propio ou en representación da empresa.....,en calidad de , co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE
LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL (LOTE 1) E
PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROLAN 2015
declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de

Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incuso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflictos de interéss dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Régime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescripcións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedad do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracóns realizadas.

....., de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO

* Esta declaración dentro do sobre A substitúa a presentación da documentación administrativa sinalada nos apartados 1 a 6 da cláusula décima dos pregos de cláusulas administrativas particulares

D./D.^aco D.N.I. n.^º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL (LOTE 1) E PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROILAN 2015** declaro baixo a miña responsabilidade:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

Que o asintante desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo as obras de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei e no prego de clausulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Asimismo, declara que non está incuso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflictos de interéss dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescripcións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedad do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracóns realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fechacente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

.....,..... de.....,..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

INFORME DA SECCIÓN DE CULTURA.

En cumprimento das resolucións adoptadas para as autorizacións de instalacións de postos de venda no recinto feiral (2012-2015) é necesario a contratación de stands coas seguintes características:

1.- O número de stands modelo estándar a instalar na Avda. de Rodríguez Mourelo será de 42. As medidas requeridas serán de 3,40 de lonxitude, 2,10 de fondo e 2,50 de alto.

2.- O número de stands modelo estándar a instalar na Praza Maior é de 13 e as medidas dos mesmos seran: 4,20 de lonxitude, 2,10 de fondo e 2,50 de alto.

3.- Estarán dotadas de instalación eléctrica, consistente en un punto de luz con interruptor para unha potencia máxima de 1.100 watos.

4.- Materiales. Serán todos anti-incendio e poderían ser:

- Parámetros verticais: aluminio, pvc, madeira cor branco
- Chan de madeira, aluminio ou pvc
- Teito de aluminio; pvc ou madeira

Porta de acceso do mesmo material que os parametros verticais e cor, con pechadura.

5.- Os stands da Avda. Rodríguez Mourelo, deberán colocarse na calzada, na forma que figura no plano de distribución do feiral ,a unha distancia aproximada do bordillo do paseo central dun metro, neste espazo é necesario colocar unha beirarrúa supletoria para salvar o desnivel que queda entre o bordillo e o stand. Esta beirarrúa será de madeira tratada e antideslizante ou de calquera outro material de características similares.

6.- Duración da instalación: do 3 ao 13 de outubro de 2015, ambos inclusive

7.- Inicio da montaxe: a partir do 23 de setembro, previo consulta no departamento municipal de cultura.

A desmontaxe: do 13 ao 17 de outubro.

ASUNTO: CONTRATACIÓN ALUGUER STANDS PARA “GASTROARTE SAN FROILÁN 2015”

En cumprimento das resolucións adoptadas para as autorizacións de instalacións de postos de venda no recinto feiral San Froilán 2015 é necesaria a contratación de stands para a II Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán 2015 - Gastroarte, co obxecto de recuperar o ambiente de feira tradicional que foi a orixe das famosas festas lúcenses, coas seguintes características:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Decreto ALUGUER STANDS LOTES RECINTO FEIRAL E GASTROARTE 2015_Despois

delegacion a Cultura

Asunto:

1º.- STANDS –

O número de stands que se van instalar na avenida Ramón Ferreiro será de 50.

As medidas requiridas serán de 3 metros de lonxitude, 2 metros de fondo y 2,90 metros de alto e contarán con persiana de seguridade enteira, cornixa decorativa e avance frontal dun metro para crear zona de resgado diante do expositor, e unha cadeira.

O Concello de Lugo resérvase o primeiro stand (formado por tres casetas unidas) para crear un punto de información e un espazo para o desenvolvemento de actividades de dinamización da feira (por exemplo catas de produtos, presentacións ou charlas). Este stand contará cun mostrador, unha mesa redonda, vinte cadeiras e un armario expositor.

2º.- ELECTRICIDADE –

- Sistema de iluminación con luces led.
- Instalación eléctrica con cadre magneto-térmico segundo a normativa de baixa tensión e conexión mediante mangueira trifásica ao sistema xeral de electricidade.
- Dotación da potencia de luz de 1.100 wattios por stand. (A contratación da potencia está a ser xestionada de forma independiente).

3º.- MATERIAIS –

Serán todos anti-incendio e as características técnicas das casetas serán as seguintes:

- Estructura modular realizada en aluminio e paneis de aglomerado hidrófugo bilaminado acabados en cor branca.
- Peche frontal con persiana enteira de 3 m. realizada en lama de aluminio de seguridade e peche con chave.
- Tarima modular vista realizada con estrutura de aluminio e lousas de aglomerado hidrófugo de 19 mm. acabadas en esmalte.
- Cuberta de estrutura en cuadrícula do teito formada con perfís de aluminio e chapa.
- Remate superior de cornixa decorativa con estrutura de aluminio e metacrilato.
- Rotulación frontal mediante letras de vinilo adhesivo.

4º- MANTEMENTO - A empresa poñerá a disposición do Concello persoal de mantemento da feira para incidencias con disponibilidade as 24 horas.

5º.- SITUACIÓN / ORIENTACIÓN - Os stands situaranse na mediana da avenida de Ramón Ferreiro, orientados cara aos números impares desa avenida, da Biblioteca Nodal, o Gran Hotel e a praza Horta do Seminario.

A primeira caseta será destinada a punto de información do Concello de Lugo e irá instalada diante da librería Biblos. A partir desta irán situadas as restantes

adaptándose ao espazo segundo as necesidades (cruzes de rúas, árbores, bancos, etc.)

6º.- DURACIÓN DA FEIRA - Do 3 ao 12 de outubro de 2015, ambos inclusive.

7º.- MONTAXE / DESMONTAXE DOS STANDS

Inicio da montaxe: a partir do momento de adxudicación, previa consulta no departamento de Cultura, sempre que estean completamente instaladas antes do 1 de outubro.

Os adxudicatarios dos postos poderán situar as súas mercadorías e decorar a caseta o día 2 de outubro desde as 12.00 ata as 22.00 horas e deberán retiralas o día 13 de outubro desde as 9.00 ata as 16.00 horas.

Desmontaxe dos stands: do 13 ao 16 de outubro.

8º.- ORZAMENTO MÁXIMO

Remítense ao servizo de contratación para iniciar os trámites de adxudicación desta infraestrutura por importe global de 23.600 euros (VINTE TRES MIL SEISCENTOS EUROS) íve incluído.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 57.350 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380122699 do vixente Orzamento Xeral de 2015.

Cuarto.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Quinto.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Dita resolución pon fin á vía administrativa polo que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñe-lo recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase